

INFORMACIÓN SOBRE O EXPEDIENTE MATRIMONIAL

- *É obrigatorio que un dos contraentes estea empadroado en Ponteareas.*
- ***O día da cita deberán acudir os dous contraentes a entregar o formulario e a documentación indicada e ademáis dúas testemuñas maiores de idade que coñezan aos contraentes.***
- *Por favor, antes de pedir cita comprobe que ten toda a documentación necesaria, que é a seguinte:*

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Certificación literal actual de nacemento de ambos en caso de que o nacemento sexa anterior a 1950 (en caso contrario os certificados serán obtidos por este Rexistro Civil)
- Certificación de empadronamento actual ou residencia acreditativa do domicilio de en Ponteareas de alomenos un dos contraentes.
- Formulario de declaración xurada debidamente cuberto e asinado polos dous.
- DNI/ NIE/PASAPORTE

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

- ✓ PARA MENORES DE IDADE: Se son maiores de 16 anos debe constar acordada nota a emancipación. Se son maiores de 14 anos e menores de 16 deben obter previamente a dispensa xudicial.
- ✓ PARA DIVORCIADOS O ANULACIÓNS MATRIMONIAIS ANTERIORES: Ten que constar practicado no Rexistro Civil do matrimonio o divorcio.
- ✓ PARA VIUVOS: Ten que constar no Rexistro Civil a inscrición de defunción do cónxuxe.
- ✓
- ✓ PARA ESTRANXEIROS: Certificado de estado civil ou capacidade matrimonial* (ver explicación no epígrafe posterior) que acredite o estado civil no momento de contraer matrimonio, ou anterior ao matrimonio, expedido polo consulado, a embaixada ou a autoridade competente do seu país de orixe (caducidade: 6 meses).

Os cidadáns dos seguintes países que desexen contraer matrimonio en España deben aportar un certificado de capacidade matrimonial ou certificado da imposibilidade de expedición, emitido polo seu país de

orixe: Austria, Italia, Luxemburgo, Antillas Neerlandesas e Países Baixos e Portugal.

- ✓ PARA ASILADOS, REFUXIADOS POLÍTICOS OU SOLICITANTES DE ASILO OU REFUXIO: deberán aportar certificado da Dirección Xeral da Policía, de ACNUR, da Cruz Vermella española ou doutro organismo, con tódolos datos persoais dos interesados (nome, apelidos, data e lugar de nacemento, nome dos país, sexo, estado civil e domicilio actual), acreditativo na súa condición de tal.

TODA A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ESPAÑOLA (SALVO OS CERTIFICADOS EUROPEOS PLURILINGÜES), DEBERÁ TRADUCIRSE POLO TRADUTOR XURADO E LEGALIZARSE POLO CONSULADO ESPAÑOL NESE PAIS OU APOSTILLA DA HAYA. En caso de non estar legalizado nin traducido, deberá acudir ao Ministerio de Asuntos Exteriores (rúa Xeneral Pardiñas)

Aqueles solicitantes que non saiban falar en galego ou castelán, deberán comaprecer asistidos de tradutor xurado ou intérprete.

DEBERÁN COMPARECER O DÍA DA CITA CO SEU DNI/PASAPORTE/NIE.